

DE CORAMANTIEN A GALICIA, PASANDO POR SURINAM

BEHN, Aphra. 2012. *Oroonoko*. Traducido por María Fe González Fernández. Santiago de Compostela: Hugin e Munin, col. XVII, ISBN: 978-84-939647-7-1. 104 páxinas.

A nova editorial compostelana Hugin e Mugin vén de publicar unha tradución ao galego da novela curta de Aphra Behn, *Oroonoko* (1688), realizada por María Fe González. Trátase sen dúbida dun acerto máis desta pequena pero ambiciosa editorial que ten como obxectivo a tradución á lingua galega de textos literarios estranxeiros. Do seu prelo teñen saído obras de escritores tan interesantes e prestixiosos como Achebe, Bukowski, Pasolini, Twain ou Verne, entre outros. Con todo, a iniciativa de incluír a obra de Behn no seu catálogo pode considerarse como innovadora e mesmo atrevida, tendo en conta que esta é non só a primeira vez que este relato se traduce ao galego, senón tamén un dos escasos intentos de introduci-lo na península. A primeira publicación de *Oroonoko* en España vira a luz vinte anos antes, en 1992, cando a barcelonesa Edicións de L'Eixample sacou unha versión catalá a cargo de Dolors Udina. Houbo que esperar ata o ano 2000 para ver a primeira tradución española do texto completo, xunto coa do relato da mesma autora, *The Fair Jilt*, realizada por Juan José Zaro e publicada pola Universidad de Málaga. Á parte desta, a única versión en lingua castelá que existe apareceu en 2008, cando Siruela publicou un volume con toda a narrativa curta de Behn traducida por Jesús Serrano Re-

yes. Sorprende que outras editoriais importantes españolas non teñan incluído este texto nas súas coleccións de clásicos universais. Isto contrasta, por unha banda, co renovado interese que polo devandito texto amosaron destacadas editoriais de países anglófonos nas últimas décadas, como se pode concluír das edicións feitas por Penguin, Oxford University Press e Norton, entre outras; e, pola outra banda, co feito de que a novela fose traducida xa en varias ocasións ao francés e alemán durante o século XVIII, e a outras linguas europeas posteriormente. Ben sexa polo escaso coñecemento e interese pola literatura inglesa que había neste país na época en que foi publicada esta novela, ou polo feito de ser escrita por unha muller, e unha muller que pouco se axeitaba aos canons de xénero prevalentes ata o pasado século, o feito é que as editoriais da Península Ibérica (porque non hai tampouco tradución ao portugués publicada no país veciño) ignoraron en grande medida a Aphra Behn. Esta autora foi a primeira escritora profesional en Inglaterra, e Virginia Woolf chegou a dicir dela que merecía o recoñecemento de todas as mulleres xa que grazas a ela conseguiron o dereito de poderen expresarse no ámbito literario.

A identidade da persoa encargada de traducir o texto e tamén digna de mención. María Fe González é unha experta profesional con ampla experiencia na tradución literaria, principalmente do inglés ao galego. Das súas mans saíron excelentes versións na nosa lingua de obras tan interesantes como: *Polos mares do sur*, de Jack London; *Vindicación dos dereitos da muller e Mary*, de Mary Wollstonecraft; *A idade da inocencia*, de Edith Wharton; *A dama solitaria e Fantomina*, de Eliza Haywood; e *Apoloxía dos ociosos*, de R.L. Stevenson (2011), entre outras. Trátase dunha tradutora que traballa con moito rigor e coidado, e ten unha boa capacidade de comprensión e apreciación das complexidades e sutilezas literarias, que amosan unha sólida formación filolóxica detrás e un gusto especial pola linguaxe e a cultura. A súa tradución de *Oroonoko* deixa ver todas estas calidades e, na miña modesta opinión, supera nalgunhas cuestións ás publicadas en castelán ata o momento. E isto ten un mérito especial de termos en conta as dificultades que o texto orixinal presenta á hora de ser lido, traducido e preparado para a súa publicación.

Como outros textos escritos a finais do século XVII, *Oroonoko* non é doado de traducir a outro idioma debido, por un lado, ás peculiaridades do inglés desa época, ao estilo da autora (na liña do que predominaba daquela) e, cando se traballa coas primeiras edicións, á puntuación, así como á tipografía utilizada na época. Por fortuna, as edicións modernas axudan bastante ao tradutor/a a se enfrontar a moitas dificultades grazas ao seu valioso traballo de aclarar significados escuros e desenredar pasaxes confusas. Por outro lado, a dificultade agrávase polo feito de que a acción sucede en Coramantien (na actual Ghana) e Surinam, e a autora emprega varias palabras que refiren a lugares, obxectos, animais e outras cuestións que fan máis necesaria aínda unha boa documentación. González logra solucionar a maioría destas dificultades con un notable grao de acerto. Por exemplo, a súa tradución das descrições que Behn fai tanto do protagonista como da súa amada Imoinda, e tamén da narración de episodios cruciais na acción da novela, como o secuestro de Oroonoko a mans dun traficante de escravos inglés ou a rebelión que logo o protagonista lidera en Surinam, é especialmente boa, evitando as inexactitudes e malas interpretacións que hai ao respecto noutras traducións deste texto.

Con todo, é imposible evitar que haxa descoido ou mesmo algún erro máis ou menos importante nunha tradución deste tipo. Un deles é traducir «Cusheries» por «ratas de campo» (p. 8), cando a mesma narradora dá unha explicación de que tipo de animal se trata: «a little Beast in the form and fashion as a Lion, as big as Kitten» (Behn 1995, p. 58) e o pon a continuación de «Marmosets» (que González traduce correctamente como «titíes»)¹. O máis probable é que «Cusheries» se refira a outro simio, neste caso a un tití dourado ou tamarino león dourado (*leontopithecus rosalia*). Dificilmente pode unha rata ter a aparencia dun león ou o tamaño dun gato. Pouco despois, a narradora fala de serpes de «some threescore Yards in length», pero na tradución galega lemos que son de «máis de tres varas de lonxitude», cando realmente son sesenta, xa que “threescore” significa tres veces vinte. E tamén se menciona nese

1 As citas do orixinal están tomadas de *The Works of Aphra Behn*. Vol. 3: *The Fair Jilt and Other Short Stories*. Ed. Janet Todd. Londres: William Pickering, 1995.

mesmo parágrafo «some rare Flies, of amazing Forms and Colours», que se atopan no museo real. A maioría dos editores modernos de *Oroonoko* aclaran que se trata de bolboretas e non moscas, o cal ten máis sentido. Porén, González enténdeo literalmente e, por tanto, fala de «moscas raras». A tradutora volve ter problemas con léxico referente a animais cando na arenga aos outros escravos, o protagonista critica que os colonos ingleses non os capturan en batalla senón que os mercan e venden «like Apes, or Monkeys» (p. 105). Polo que parece ser un despiste, González traduce «Apes» (simios, monos) como «abellas» (p. 79), que é algo que sorprende un pouco ao lelo porque eses insectos non se adoitan mercar como animais de compañía. Tamén semella un despiste (ou quizais mesmo un erro tipográfico) que, cando se nos presenta ao rei de Coramantien coma un vello «a Hundred and odd Years old, and had no Son» (p. 61), na tradución galega lemos que era un home «de cen anos que non tiña fillas» (p. 13).

Ademais, e contrastando con outras traducións e edicións desta obra, bótanse en falla algunhas cuestións de carácter paratextual, como son o subtítulo e a dedicatoria que aparecen no orixinal, así como unha introdución á vida e obra da autora, con especial referencia á importancia deste texto tanto na historia da narrativa anglófona coma no movemento antiescravista. É certo que isto depende moito da editorial e da colección na que se inclúe, pero tamén é certo que esta novela ten unhas peculiaridades que fan aconsellable contemplar a relevancia de ditos paratextos. Semella comprensible que na cuberta do libro o título sexa simplemente *Oroonoko*, coma na maioría das edicións en lingua inglesa, pero sería oportuno que na primeira páxina ou polo menos nunha nota a pé apareza o subtítulo, xa que é certamente interesante: «or, The Royal Slave». Este oxímoro resume á perfección a paradoxal e tráxica vida do protagonista e, ao mesmo tempo sinala xa dous temas importantes que logo serán desenvolvidos no relato: a escravitude africana nas colonias americanas e o debate político sobre a monarquía e a nobreza que estaba a ter lugar na segunda metade do século en Inglaterra. A inxustiza que Behn vía na escravitude de persoas nobres (social e eticamente) por parte de xente innobre (tamén nos dous sentidos) con intereses mercantilistas e prácticas ruíns é unha

idea fundamental nesta novela. Os tradutores ao castelán, por exemplo, así o entenderon e decidiron incluílo. Así a todo, preferiron evitar a ambigüidade da palabra “real” e elixiron unha fórmula que soa mellor e logra transmitir o antedito significado: “o el príncipe esclavo.” Sería conveniente, xa que logo, que a tradución do subtítulo aparecese nesta publicación.

Outro elemento paratextual importante en *Oroonoko*, coma noutros libros da época, é a dedicatoria, que neste caso é máis ca un texto laudatorio coa finalidade de gabar e compracer ao dedicatario, o nobre escocés xacobita Richard Maitland, conde de Lauderdale. Á parte de facer isto, reafirmando así o seu apoio á causa de James II, Behn aproveita a ocasión para comezar cunha estratexia de autenticación deste relato, e presentarse coma unha historiadora máis que novelista, asegurando que esta obra é «a Short Chronicle of those Lives that possibly wou’d be forgotten by other Historians» (p. 54), e insistindo en que o que vai contar é real, por moi ficticio que semelle:

This is a true Story, of a Man Gallant enough to merit your Protection; (...) The Royal Slave I had the Honour to know in my Travels to the other World; and though I had none above me in that Country, yet I wanted power to preserve this Great Man. If there be any thing that seems Romantick, I beseech your Lordship to consider, these Countries do, in all things, so far differ from ours, that they produce unconceivable Wonders; at least, they appear to us, because New and Strange (p. 56).

Estas palabras acadan especial importancia porque esta intención de presentar a súa obra coma unha biografía histórica e non coma unha narración “romántica” (isto é, ficticia) repetírase ao comezo do relato. Ese interese por pasar unha obra de ficción por unha crónica histórica non é unha estratexia nova a finais do século XVII, pero si algo significativo que os historiadores da literatura teñen visto coma algo que contribúe ao elemento realista do texto, que se considera importante cara á consolidación da novela inglesa no século seguinte. A cita ademais amosa a frustración que Behn alega ter polo feito de non ser quen de previr o destino tráxico do seu heroe, sentimento que

logo vemos tamén na narradora, que non deixa de ser un *alter ego* da autora. É unha mágoa que este texto non fose incluído na tradución galega a diferenza do que acontece nas castelás e nas principais edicións en lingua inglesa.

Malia botarmos de menos o subtítulo, a dedicatoria e unha boa introdución que axude ao público lector galego a entender mellor e valorar máis esta novela, cómpre felicitar á tradutora polo seu bo traballo, así como á editorial polo seu acerto de introducir esta obra no mercado literario galego. Trátase do primeiro texto de ficción narrativa inglesa que trata a escravitude dos africanos nas colonias americanas, aínda que non se pode dicir que este fose o seu obxectivo principal. Neste senso, a pesar da ambigüidade presente ao longo do relato, foi recoñecido como unha obra seminal na tradición anti-escravista. Como se dixo antes, considérase tamén un precursor do “realismo” dentro da ficción, pola presenza dunha narradora testemuña que insiste na veracidade do narrado, a participación de personaxes históricos e unha detallada descrición dun dos escenarios da acción: Surinam. E, ao igual que antes, isto é así malia que tampouco se pode falar dun compromiso total co realismo, xa que hai así mesmo moitos elementos “románticos” e idealistas, na liña do *roman heroique* francés e mesmo do relato orientalista na parte da historia que sucede en África. Oroonoko é un príncipe africano, pero tanto o seu físico coma o seu carácter e educación están europeizados. Isto faino diferente dos outros negros pero, curiosamente, tamén de moitos ingleses, aos que supera en nobreza e valor; porque a traxedia deste personaxe é, ironicamente, o seu concepto de honra e a súa expectativa de que os demais o compartan, e por iso confía nas promesas dos brancos. Pero o traficante inglés ráptao e véndeo como escravo, e as autoridades coloniais de Surinam prometen libéralo e devólvelo a África, algo que nunca chega a suceder. A frustración e a perspectiva de que o seu fillo naza sendo escravo fano decidir liderar unha revolta coa finalidade de escapar e retornar ao seu país. Tras o fracaso desa sublevación, é azoutado, torturado, despezado e exposto publicamente para disuadir a outros escravos da tentación de fuxiren ou rebelárense. E aquí, de novo ficción e realidade únense porque, por moi esaxeradas e fantasiosas que semellen, estas ac-

cións eran práctica común nas colonias. Esperamos que esta tradución ao galego teña o éxito que se merece e logre dar a coñecer en Galicia esta novela tan interesante e suxestiva que pasou de ser unha obra ignorada ou minusvalorada pola crítica e o mundo académico a ser un texto recorrente na docencia e investigación literaria e cultural dentro dos estudos ingleses durante as dúas últimas décadas.

Jorge Figueroa Dorrego
Universidade de Vigo